

*Corrección de erros.-Resolución do 25 de febreiro de 2008, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo subalterno da Xunta de Galicia (grupo E), nomeado pola Orde do 7 de novembro de 2007, publicada no Diario Oficial de Galicia número 218, do 12 de novembro, pola que se lles dá publicidade a diversos acordos.*

Advertido un erro na devandita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 43, do venres 29 de febreiro de 2008, cómpre realizar a seguinte corrección:

-Na páxina 3.524, na terceira liña da columna esquerda, onde di: «Puntuación: 15.29», debe dicir: «Puntuación: 13.52».

*Resolución do 27 de febreiro de 2008, do tribunal designado pola Orde do 17 de xaneiro de 2008 (Diario Oficial de Galicia número 14, do 21 de xaneiro) para cualificar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de promoción interna, no corpo auxiliar da Xunta de Galicia (grupo D), pola que se lles dá publicidade a diversos acordos referentes ao primeiro exercicio do proceso selectivo convocado pola Orde do 4 de outubro de 2007.*

En sesión que tivo lugar o día 27 de febreiro de 2008, o tribunal designado pola Orde do 17 de xaneiro de 2008 (DOG número 14, do 21 de xaneiro) para cualificar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de promoción interna, no corpo auxiliar da Xunta de Galicia (grupo D), e, de conformidade co establecido nesta orde de convocatoria:

#### ACORDOU:

Primeiro.-Anular, con base nas alegacións presentadas polos opositores, a pregunta número 10 e desestimar o resto das reclamacións e alegacións presentadas.

Segundo.-De conformidade co disposto na base II.1.4.6 da convocatoria, contra este acordo poderá interpoñerse recurso de alzada conforme o previsto nos artigos 114 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceiro.-De conformidade co disposto na base II.1.1.1 da convocatoria, superaron o primeiro exercicio os aspirantes que obtiveron unha puntuación mínima de trinta (30) puntos, fixándose en trece (13) o número de respostas correctas para acadar esta puntuación, unha vez feitas as deducións previstas na mesma base.

Cuarto.-Realizar os trámites oportunos para a publicación das puntuacións obtidas polos aspirantes presentados ao primeiro exercicio do proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de promoción interna, no corpo auxiliar da Xunta de Galicia (grupo D), no recinto da Feira Internacional de Silleda, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e na páxina web da Xunta de Galicia ( www.xunta.es).

Quinto.-De acordo co disposto na base II.1.1.1 da convocatoria, os aspirantes poderán presentar as alegacións que coiden oportunas con relación coas puntuacións no prazo de 10 días contado desde o seguinte á publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Sexto.-De conformidade co previsto na base II.1.1.1 da convocatoria, os aspirantes disporán dun prazo de dez (10) días hábiles para presentar o documento xustificativo (orixinal ou fotocopia debidamente compulsada) de estaren en posesión, no día do remate do prazo de presentación de solicitudes para este proceso selectivo, do título Celga 3, curso de iniciación de galego, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, para os efectos da exención prevista no segundo exercicio. Esta documentación presentárase nas oficinas de rexistro da Xunta de Galicia, oficinas de correos e demais lugares previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Este prazo comezará a contar desde a data de publicación no DOG desta resolución.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2008.

Freddy Viso López  
Presidente do tribunal

#### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 15 de febreiro de 2008 pola que se concede aprazamento da fase de prácticas a opositores que superaron os procedementos selectivos do corpo de profesores de ensino secundario e do corpo de profesores de música e artes escénicas, convocados pola Orde do 9 de abril de 2007 (Diario Oficial de Galicia do 13 de abril).*

Por Orde do 9 de abril de 2007 (DOG do 13 de abril) convocáronse procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño e profesores técnicos de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

O número 4 da base común 13 das citadas ordes establece que a Secretaría Xeral poderá, por causa xustificada e por petición do interesado, conceder o aprazamento da fase de prácticas.

Por Orde do 30 de agosto de 2007 (DOG do 11 de setembro) nomeáronse funcionarios en prácticas, entre outros, no corpo de profesores de ensino secundario e no corpo de profesores de música e artes escénicas aos opositores que superaron os procedementos selectivos convocados por Orde do 9 de abril de 2007 (DOG do 13 de abril).

Vista a petición e alegacións formuladas por Rafael Carlos Sisto Edreira e Lorena López Cobas, esta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

#### DISPÓN:

Conceder aprazamento da fase de prácticas durante o curso 2007-2008, por causas xustificadas, a:

-Corpo profesores de ensino secundario:  
DNI: 33252651-X.

Apelidos e nome: Sisto Edreira, Rafael Carlos.  
Disciplina: física e química.

-Corpo profesores de música e artes escénicas:  
DNI: 76819788-H.

Apelidos e nome: López Cobas, Lorena.  
Disciplina: historia da música.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2008.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria

#### UNIVERSIDADE DE VIGO

*Resolución do 1 de febreiro de 2008 pola que se nomea a Cristina López Bravo profesora titular de universidade.*

De conformidade coa proposta elevada pola comisión nomeada para vulgar o concurso de acceso convocado por resolución desta universidade do 18 de outubro de 2007 (BOE do 2 de novembro) e presentada pola concursante proposta a documentación a que fai referencia a base 7ª da convocatoria,

Esta reitoría, en uso das atribucións conferidas polo artigo 65 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro (BOE do 24), de universidadees, modificado pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril (BOE do 13) e demais disposicións concordantes, resolveu nomear a Cristina López Bravo, con DNI 10078778-V, profesora titular de universidade da Universidade de Vigo, da área de coñecemento de enxeñaría telemática, adscrita ao departamento de Enxeñaría Telemática desta universidade.

Este nomeamento producirá plenos efectos a partir da correspondente toma de posesión pola interesada

que deberá efectuarse no prazo máximo de 20 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no BOE. Se o último día do prazo coincide con sábado ou día inhábil na universidade de Vigo, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte segundo o artigo 48 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 1 de febreiro de 2008.

Alberto Gago Rodríguez  
Reitor da Universidade de Vigo

#### V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

#### XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA NÚMERO TRES DE VIGO

*Edicto (469/2004).*

No procedemento de referencia ditouse a resolución cuxo encabezamento e decisión é o seguinte:

Sentenza:

En Vigo o 14 de marzo de 2006.

Vistos por mfn, Isabel de Rada Gallego, maxistrada xuíza titular do Xulgado de Primeira Instancia número tres desta cidade e o seu partido xudicial, os autos correspondentes a xuízo ordinario que foron rexistrados baixo o número 469/2004, instado pola comunidade de propietarios da rúa López Mora, nº 64, de Vigo, representado polo procurador e asistido de letrado contra José Herrero García, Ignacio Fernández Álvarez e *Badaf, S.L.*, representado por procurador e dirixido por letrado, e atendendo aos seguintes,

Decisión:

Estimo a demanda interposta pola comunidade de propietarios do edificio sito na rúa López Mora, nº 64, de Vigo, contra José Herrero García, Ignacio Fernández Álvarez e *Badaf, S.L.* e, na súa virtude, debo declarar os seguintes pronunciamentos:

1. Condono a José Herrero García, Ignacio Fernández Álvarez e *Badaf, S.L.* a pagarlle á comunidade de propietarios do edificio sito na rúa López Mora, nº 64, de Vigo, a cantidade que resulte de sumar as reparacións relativas ás fendas e regañas habidas no referido edificio, segundo o informe pericial que consta nas actuacións e que foi emitido por Rafael Docampo. A iso débenselle engadir os xuros legais calculados do modo indicado no fundamento de dereito quinto desta resolución.

2. Condono a Ignacio Fernández Álvarez e *Badaf, S.L.* a pagarlle á comunidade de propietarios do edificio, sito na rúa López Mora, nº 64, de Vigo, a cantidade que resulte de sumar as reparacións relativas ao resto dos vicios (derivados de humidades por filtracións e azulexos soltos ou con